

LER PONDAL

A desconsideración actual da escrita pondaliana é lamentábel. Despois de o autor ter sido condenado por machista, racista e violador (condena que mesmo chegamos a ver impresa nalgún “libro de texto”), pasou a ser indesexado, incómodo, e, con certeza, tan pouco lido como teimosamente incomprendido. Aconteceu así algo non infrecuente nos estudos sobre a literatura galega contemporánea: a regresión a respecto da obra e os achados de Carvalho Calero, talvez o último crítico que, sen ter de confrontar aqueles preconceptos, elaborou unha lectura de Pondal.

No entanto, é incontestábel vermos en Eduardo Pondal o primeiro e, se cadra, o único escritor da literatura galega contemporánea, no sentido dado ao termo “escritor” noutros contextos culturais. Baste con indicar a base material desta afirmación: Pondal foi o máis parecido a un escritor profesional que nunca houbo entre nós, por non estar obrigado a gañar a vida e ter todo o tempo seu para un labor sobre a lingua, o labor literario. Nel puxo o de Ponteceso un rigor verdadeiramente impar.

Porén, esa dedicación continuada non nace apenas dun trazo psicolóxico. Está conectada co latexante absolutismo estético de Pondal, tantas veces non levado a serio ou mal entendido, até crear a tristísima imaxe dun autor nefelibata,¹ en pertinaz afastamento do mundo coetáneo (e a isto tampouco son alleas algunhas páxinas de Carvalho Calero²).

Nese camiño, a autosuficiencia con que persoas de estatura intelectual mínima –se comparadas con Pondal– teñen ollado para el e a súa obra é, a noso ver, moito irritante.

1 O termo foi invención de F. Rabelais no cuarto libro do seu *Pantagruel* para designar un pobo imaxinario que anda nas nubes. Usámolo neste sentido, sen relación cos poetas do simbolismo ou decadentismo portugués así alcuñados.

2 Vid., p.e., “Miscelánea pondaliana”, en *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán*, A Coruña, Fundación Barrié, 1979, pp. 137-139.

Non se trata de trocar a crítica por unha admiración babeca; antes ao contrario, o labor crítico nace da diferenza entre o intérprete e o texto, traballada con rigor. Non enxergamos outro contido para o respecto polas obras da cultura, de modo a producir coñecemento. Ora, por tras daquelas actitudes xudicativas e mesmo condenatorias, a miúdo bole un preconceito odioso: o que leva a contemplar desde unha posición de superioridade os autores do pasado polo simple feito de pertenceren a ese pasado e estaren xa entre os máis, i.e., os mortos, como se nós fósemos eternos.

O habitual é o contrario, quere dicir, o autor posuír unha intelixencia e unha posición moito para alén do alcance dos seus esexetas. Precisamente por vivir naquel mundo e coñecelo moito mellor do que nós o poderemos coñecer, Pondal parece fuxir da Galiza real e opta por exercer o seu rigoroso absolutismo estético.

Que entendemos por tal? A visión do estético como fundamento da vida e da verdade, a crenza nos poderes iluminadores da obra artística para transformar e modelar a vida social. Esta posición tivo longo curso na estética da Modernidade, mais, en Pondal, bebe, non exclusivamente, do romanticismo.³ É o “extro soberano” do terceiro poema dos *Queixumes*, con orixe no latino *æstrus*, a inspiración, a furia poética.

Por tanto, debemos interpretar a súa produción literaria como unha resposta á punxente situación da Galiza nos mediados do Século XIX e non como unha evasión ou unha práctica “escapista”, en ton coa idea do Pondal nefelibata. Que non se trata dunha cómoda fuxida próbao o

3 Tampouco foi allea á poesía portuguesa. Leamos o que escribe Lopes de Mendonça en 1855: “As nações não expiram quando o génio não morre. E quando elas, no seio da desgraça e do abatimento, falam pela voz dos seus poetas, testemunham ao mundo que existem pela energia do seu engenho, é que a sua reabilitação política não existe muito afastada do horizonte dos seus destinos” (vid. Álvaro Manuel Machado: *O romantismo na poesia portuguesa (de Garrett a Antero)*, Lisboa, ICLP, 1986, p. 10).

sufrimento padecido polo autor no seu esforzo esixente e interminábel para construír a obra (e diso tampouco podemos afastar a obsesión senil con ser despojado dela).

Na verdade, é posíbel dicirmos sen sombra de dúbida que Pondal se esgotou no perfeccionamento da súa obra. Isto é comprobado a través das afirmacións de todos os críticos que visitaron a arca dada á Academia polo autor como legado testamentario, onde se torna moito visíbel a ansia perfeccionista con que o bergantiñán aprimorou os seus poemas.

No entanto, queremos ir un pouco para alén diso, porque a imaxe literaria de Pondal xa nos aparece definida en 1886, cando, pasada a cincuentena, dá á luz os seus *Queixumes dos pinos*. Que fixo a partir de entón, nos longos anos de vida transcorridos até 1917? Con certeza, escribiu moitos, moitísimos textos que responden ás tendencias dominantes dos *Queixumes*, mais a obra en que extenuou a súa alma foi o imposíbel literario d'*Os Eoas*. Con palabras de Murguía, “xa sabedes que á empezou ben mozo, e que nela ocupou á vida enteira. Morría vello e aínda a limaba e corregia, (...) non sabemos que misteriosos movementos ó levaban xa á dalo por feito, xa a deixalo estar”.⁴

Manuel Murguía era sabedor da insalvábel dificultade que supón tornar coherente *Os Eoas* co conxunto da escrita pondaliana: “Puesto que el poeta emprendió este trabajo ageno por completo al espíritu que anima sus demas obras, permitidle que en cambio haga á su país el honor de escribirlo en la lengua que le es propia.”⁵ As argumentacións que algúns esexetas teñen feito para aliviar a contradición

4 “Eduardo Pondal e a súa obra”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, 17 de maio de 1933, tomo 21, nº 248, p. 189 [texto orixinal de 1919]. M. Ferreiro dá interesantes informacións sobre o “labirinto das indecisións” en que se perderon *Os Eoas*, vid. *Eduardo Pondal, o cantor do eido noso*, Santiago, Lairovento, 2017, pp. 99-126, onde reelabora o escrito na súa edición do poema en 2005.

5 Vid. *Los precursores*, A Coruña, Latorre e Martínez, 1886, p. 151.

son esmagadas, a noso ver, polo peso da ideoloxía nas oitavas expresa.

Xa Carvalho Calero esclareceu algunhas das razóns que facían ese poema inviábel, un anacronismo literario, e mesmo suxire que o feito de Pondal non o publicar obedeceu á consciencia, máis ou menos clara, da súa imposibilidade estética.⁶ Con todo, a súa xénese comeza en data tan temperá como 1857 e foi o primeiro texto publicado polo autor en lingua galega.

Isto permítenos deseñar, para beneficio da explicación, unha especie de mapa da obra pondaliana. Nel, consideramos as inacabábeis fatigas relacionadas con *Os Eoas* o eixo persistente da súa actividade poética, o centro vacuo, a poder de imposíbel, en volta do cal xira o labor creativo. Sobre a relevancia da obra, os contemporáneos non tiñan a menor dúbida.

Relativamente á procura sen sosego nese abismo central –nótese: falamos do formidábel esforzo realizado polo autor e non d’*Os Eoas* como texto–, *Queixumes dos pinos* (1886) constituirían unha periferia ou marxe, a obra posíbel, con primeira versión en *Rumores de los pinos* (1877). Alén de seren o seu contributo fundamental á literatura do Rexurdimento, crean o cadro en que se sitúan outros escritos ou, con máis precisión, outros cadernos ou títulos de posíbeis obras achados na arca: “Dos eidos”, “Do íntimo”, “Dos servos” etc. O último, tantas veces presente, mostra con nitidez a consciencia do autor a respecto dos obstáculos existentes para o pobo ben recibir a súa mensaxe emancipatoria.

Lugar senlleiro neste noso mapa debemos atribuír a outra obra significativamente reescrita por Pondal varias ve-

6 Vid. *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, 1975, 2ª ed., pp. 303-310. Resume a cuestión no artigo “Camoens e Pondal” (vid. *Umha voz na Galiza*, Santiago, Sotelo Blanco, 1992, pp. 69-71).

ces, *A campana de Anllóns* (1858). No poema, o primeiro (*Os Eoas á parte*) escrito na lingua de noso, parece manar a hemorraxia da orixe, da decisión e da posición orixinante da obra pondaliana como literatura galega. Esta afirmación tornarase máis intelixíbel cando analicemos o poema con algún pormenor.

Non é casual que, en 1895, cando *Os Eoas*, tantas veces prometidos, non acaban de saír e Pondal cumpre sesenta anos, *A campana de Anllóns* sufra unha dilatación, unha amplificación verdadeiramente cancerosa e tal reescrita sexa levada ao prelo. O carácter repetitivo, insufribel, que adquire o poema constitúe a proba *a contrario* dunha dificultade e, até, dunha imposibilidade situada noutro punto, na esforzo eoico, a vertixe central que fai supurar, de forma retroactiva, a fenda orixinante.⁷

Non se ten valorado suficientemente a forma en que o de Bergantiños inventa as bases da súa poesía, alí onde a tradición literaria anterior é, na altura, case inexistente. Reparemos: Pondal, á diferenza de Rosalía, recorre en medida moito limitada ao cancionero tradicional e, por tanto, acomete a ousada empresa de fundamentar o seu canto e, así, fundar a súa propia tradición, dun modo por completo orixinal. Iso alicerza, tamén, a singularidade da súa obra e, de tal punto de vista, a condición intertextual d'*A campana* (se se quixer, o teatro de literaturas en que consiste) é moito relevante, como tamén o é a insólita reinvencción do clasicismo a que se orientaban *Os Eoas*.

A partir deste elemental levantamento cartográfico, que-remos iniciar unha lectura que aspira a evidenciar a riqueza da rede de signos dos *Queixumes* e da arte de Pondal alí onde se fai menos visíbel ou máis inesperada e, ao mesmo

7 É apenas un síntoma, mais, a propósito desta versión, Manuel Ferreiro ten sinalado algunhas semellanzas con pasaxes d'*Os Eoas*, vid. *Obra en galego completa, II. Poemas impresos*, ed. M. Ferreiro, Santiago, Sotelo Blanco, 2001, pp. 191-192.

tempo, tenta evitar os camiños que nos leven á má infinitude de querer dicir máis que Pondal. Esperamos así ir ao encontro do máis improbable, o que nós nunca acabaremos de ser: o lector visado polos *Queixumes dos pinos*.

ÍNDICE

Ler Pondal.....	9
O mundo dos <i>Queixumes</i>	15
<i>A Campana de Anllóns</i>	22
Mimese: helenismo e celtismo.....	31
Canto: a imposíbel autofundación	43
Galiza, nación sen nome	52
Emigración, exilio.....	69
Linguas en acción.....	80
Natureza e cultura	84
Os extemporáneos	92
O bardo.....	96
Mulleres sen prexuízo	108
Deus non existe (aínda).....	123
O autor en falta	129
As voces dos <i>Queixumes</i>	140
Queixumes/Eoas	149
Unha viaxe polos nomes	163
No límite	167
Concordancia.....	173
Bibliografía citada.....	177